

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2019 pola que se convocan cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 43 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establece que o persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia estará formado tanto por persoal de carácter profesional de servizos que realicen algunha actividade relacionada coa xestión de riscos e de emerxencias como por persoal voluntario de entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro que teñan como fin a protección das persoas, dos bens e do ambiente en situacións de xestión de riscos e de emerxencias. Segundo o artigo 44 da citada lei, este persoal organizarase en grupos operativos.

Pola Resolución do 2 de agosto de 2010 publicouse o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga), onde se establece a estrutura de dirección e coordinación e as unidades organizativas para facer fronte dun xeito coordinado ás emerxencias que poidan producirse en Galicia derivadas de riscos naturais, tecnolóxicos ou antrópicos.

Aprobado o programa anual de actividades para o ano 2019 da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) polo Consello Reitor, e conforme o establecido no artigo 46 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp, anúnciase a convocatoria dos cursos de formación continua dirixidos aos servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao primeiro semestre do ano 2019, cuxas bases e características, se especifican nos anexos desta resolución.

A Estrada, 11 de febreiro de 2019

Santiago Villanueva Álvarez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública



**ANEXO I****Bases****Primeira. Actividades formativas**

As actividades formativas serán as que se especifican no anexo II desta resolución, no cal, se indica tamén, de ser o caso, o número de edicións por curso, número de horas lectivas, número de prazas, datas de realización e horarios dos distintos cursos. As actividades formativas terán preferentemente horario de mañá e tarde.

Os cursos convocados realizaranse na Academia Galega de Seguridade Pública (rúa Cultura, s/n, A Estrada, Pontevedra), sen prexuízo de que algunhas actividades formativas concretas ou módulos dos seus se poidan facer fóra das súas instalacións.

De ser o caso, as persoas seleccionadas nas diferentes actividades formativas serán notificadas por correo electrónico de calquera outra información necesaria.

**Segunda. Contido das actividades formativas**

O contido das diferentes actividades formativas convocadas pola presente resolución pode consultarse na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (<http://agasp.xunta.gal>), na epígrafe «Formación».

**Terceira. Destinatarios/as**

a) Persoal dos servizos de extinción de incendios e salvamento (bombeiros municipais e de consorcios).

b) Grupos de emerxencia supramunicipais (GES).

c) Servizos municipais de protección civil e emerxencias.

Este persoal forma parte do Sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia).

**Cuarta. Requisitos de participación dos/das solicitantes**

1. Requisitos xerais: os/as solicitantes deben ter a condición descrita na base terceira para estes colectivos.



2. Requisitos físicos/psíquicos: os/as solicitantes deberán acreditar que non padecen enfermidade nin están afectados por limitación física ou psíquica incompatible coa realización das accións formativas ou co desempeño das funcións correspondentes ao curso a que se opta, mediante declaración que se efectuará xunto coa solicitude de matrícula no curso, e será obriga de cada alumno/a poñer en coñecemento da Agasp calquera alteración relacionada con ela.

#### Quinta. *Solicitudes*

a) O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>); non se admitirá ningunha outra forma ou modelo de solicitude.

É preciso que todas as persoas que desexen participar en cursos da Agasp manteñan actualizados os seus datos persoais, especialmente a conta de correo electrónico e o teléfono móbil, co obxecto de posibles comunicacións. No suposto de non seren correctos ou exactos tales datos, a Agasp non é responsable dos posibles prexuízos causados aos interesados.

b) As persoas que non sexan usuarias da páxina web da Agasp deberán previamente darse de alta nela, para o que é necesario facilitar unha conta persoal de correo electrónico.

c) En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información poderán dirixirse á Agasp a través dos números de teléfono 886 20 61 12, 886 20 61 37 e 886 20 61 38 ou do enderezo de correo electrónico [formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal), que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación de solicitudes.

d) A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso durante o prazo dun ano computado desde o momento en que se detecte o feito.

e) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente todos os datos para realizar a selección do alumnado, non se axusten ao modelo normalizado ou sexan presentadas fóra de prazo.

f) Non está permitida a realización de cursos que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais. Cando o alumnado teña coñecemento de que foi



seleccionado para un curso que teña coincidencia horaria con outro no cal xa foi seleccionado, debe renunciar a un deles.

g) Se as solicitudes para participar nun curso non superan as 10 persoas, a Agasp reserva para si a facultade de anular a actividade formativa.

#### Sexta. *Prazo de inscrición*

O prazo de inscrición será de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que reúnan os requisitos do curso, poderá completarse o alumnado asignado a este mediante a apertura dun novo prazo público de presentación de solicitudes na páxina web da Agasp, coa antelación posible en función da data do curso e para que teña lugar unha adecuada selección das persoas candidatas.

#### Sétima. *Criterios xerais de selección*

1. En cada edición das distintas actividades formativas convocadas por esta resolución, as prazas distribuiranse entre os colectivos destinatarios do curso de acordo co seguinte:

Colectivo	Porcentaxe
1º grupo: servizos de extinción de incendios e salvamento	50 %
2º grupo: grupos de emerxencia supramunicipais (GES)	30 %
3º grupo: servizos municipais de protección civil e emerxencias	20 %

No caso de que non haxa suficientes solicitantes dalgún dos colectivos mencionados que cumpran os requisitos para cubrir o número de prazas asignado, completárase a selección con solicitantes dos outros colectivos que son destinatarios do curso que cumpran os requisitos, repartindo as prazas vacantes por igual entre os diferentes grupos sempre e cando o número de prazas o permita, e cando non sexa posible por ser maior o número de solicitudes que de vacantes, distribuiranse pola orde e porcentaxe establecida dos grupos, empezando a repartición polo grupo 1 e así sucesivamente.

2. Na selección dentro de cada un dos colectivos destinatarios do curso reservarase o 50 % das prazas para solicitantes mulleres que reúnan os requisitos establecidos na con-



vocatoria, segundo o disposto no artigo 50 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

3. Dentro dos colectivos destinatarios do curso terán preferencia na selección as persoas de maior rango xerárquico, se as houber.

4. Se, despois de aplicar os criterios anteriores, hai empate, terán preferencia as persoas con menos cursos feitos na Agasp nos últimos dous anos.

Os solicitantes que realizasen anteriormente o curso nos últimos catro anos poderán ser seleccionados para realizalo no suposto de existiren vacantes. De non existiren vacantes, poderán figurar na lista de reserva despois dos solicitantes que non teñan curso.

#### Oitava. *Admisión*

A Agasp publicará na súa páxina web <http://agasp.xunta.gal> unha relación das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como un número adecuado de reservas, de acordo co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os/as alumnos/as seleccionados/as serán informados/as da súa selección a través do correo electrónico e tamén, para quen facilite un número de teléfono móbil, a través de mensaxe telefónica.

O alumnado seleccionado só poderá renunciar ao curso por causas de forza maior suficientemente xustificadas.

A renuncia deberase comunicar por escrito á Agasp, por correo electrónico ao enderezo [formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal), e cunha antelación mínima de tres días hábiles ao inicio do curso, co fin de poder cubrir a vacante.

A Agasp reserva para si o dereito de solicitar todos aqueles datos que considere necesarios para a adecuada realización da selección.

#### Novena. *Uniformidade*

É obrigatorio asistir ao curso co uniforme de traballo. As persoas que incumpran esta norma poderán ser dadas de baixa na actividade.



Décima. *Aloxamento.*

O alumnado poderá solicitar aloxarse na Agasp, en función das dispoñibilidades que existan nas datas previstas para a celebración da actividade formativa para que sexa seleccionado, conforme o disposto nas normas de réxime interior en vigor.

Unha vez comunicada a selección, a persoa interesada deberá solicitar o aloxamento enviando unha mensaxe ao correo electrónico [formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal](mailto:formacion.emerxencias.agasp@xunta.gal), con anterioridade á data de inicio da actividade formativa.

O aloxamento estará condicionado ás dispoñibilidades organizativas e orzamentarias da Agasp.

Décimo primeira. *Dereitos e deberes do alumnado participante*

Durante o desenvolvemento da actividade ao alumnado seralle de aplicación, en canto aos dereitos e deberes, o previsto no Regulamento de réxime interior da Agasp.

Décimo segunda. *Faltas de asistencia*

O Regulamento de réxime interior da Agasp regula no seu artigo 16 as faltas de asistencia nos cursos:

«1. A asistencia ás clases e actividades comprendidas no programa do curso é obrigatoria. As faltas que as/os alumnas/os acumulen deberán xustificarse debidamente e penalizaranse disciplinariamente en caso contrario.

2. A/o alumna/o que, por enfermidade ou algunha outra causa xustificada, perda máis do 10 % das clases do curso de formación será declarado non apto e poderá incorporarse ao curso seguinte ou cando a causa determinante llo permita.

De ser necesario, e só nos casos en que a inasistencia ás clases estea motivada por accidente ou lesión sufridos con ocasión da actividade académica, o director xeral poderá considerar a conveniencia ou a oportunidade de permitir ao/á alumno/a poder recuperar ata un determinado número de horas e participar posteriormente nun exame extraordinario para poder superar o curso sen ter que repetilo.

3. No entanto, aínda que as ausencias acumuladas non cheguen á porcentaxe sinalada, a/o alumna/o poderá verse obrigado a recuperar todas ou parte das horas perdidas ao lon-



go do curso. Neste caso a xefatura de ensino proporá ao director xeral o número de horas que se deban recuperar, tendo en conta, en cada caso concreto, o tipo de xustificación presentada para cada ausencia, así como o número total destas e o comportamento e a actitude da/do alumna/o ao longo do curso».

Décimo terceira. *Certificado de aproveitamento*

Ao finalizar a actividade entregarase un certificado de aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada e superen a proba final.

Décimo cuarta. *Facultades da Agasp*

A Agasp poderá modificar sen necesidade de nova publicación o desenvolvemento normal da actividade para adaptala ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Agasp tamén poderá, sen necesidade de nova publicación, suprimir o curso, cambiar as datas de celebración, ampliar novas edicións ou prazas, ou suspendelo, cando así veña exixido por circunstancias que afecten a súa organización ou docencia.

Así mesmo, facúltase o director xeral para ditar resolución sen necesidade de nova publicación para interpretar, se for o caso, o desenvolvemento da convocatoria ou docencia.

## ANEXO II

### **Cursos de formación continua para os servizos de extinción de incendios e salvamento, grupos de emerxencias supramunicipais e servizos municipais de protección civil e emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia**

Denominación do curso	Núm. de edicións	Horas lectivas	Prazas por edición	Datas	Horario	Lugar
– Rescate e salvamento						
Funcionamento e rescate en ascensores	1	8	20	29 de marzo	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Rescate no contorno urbano	2	24	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				15, 16, 17 de abril	Mañá e tarde	
				2ª edición	2ª edición	
22, 23, 24 de abril	Mañá e tarde					
Técnicas de excarceración e extracción de vítimas en accidentes de tráfico	1	25	20	3, 4, 5 de xuño	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)



Denominación do curso	Núm. de edicións	Horas lectivas	Prazas por edición	Datas	Horario	Lugar
Movemento de cargas e rescate de persoas (guinche/cabestrante)	2	16	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				2, 3 de maio	Mañá e tarde	
				2ª edición	2ª edición	
				23, 24 de maio	Mañá e tarde	
Rescate en ríos, riadas e inundacións	1	22	20	5, 6, 7 de xuño	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
– Intervencións en emerxencias						
Manexo de material para necesidades en intervención de risco químico, inundacións e iluminación do grupo de apoio loxístico	1	16	16	7, 8 de marzo	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Intervención con autoescaleiras	2	12	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				16, 17 de abril	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
				2ª edición	2ª edición	
				29, 30 de abril	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
Intervención con mercadorías perigosas	2	21	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				20, 21, 22 de marzo	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
				2ª edición	2ª edición	
				1, 2, 3 de abril	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
Interface urbana forestal	1	21	20	8, 9, 10 de abril	Mañá e tarde, último día só pola mañá	Agasp (A Estrada)
Intervención con risco eléctrico	2	21	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				25, 26, 27 de marzo	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
				2ª edición	2ª edición	
				27, 28, 29 de marzo	1º día de mañá, 2º e 3º día de mañá e tarde	
Curso de localización, navegación e rescate en vehículos 4x4	1	16	20	8, 9 de maio	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Intervención en accidentes de tráfico de autobuses	1	32	20	10, 11, 12, 13 de xuño	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)





Denominación do curso	Núm. de edicións	Horas lectivas	Prazas por edición	Datas	Horario	Lugar
Condución en situacións de emerxencia	1	20	20	17, 18, 19 de xuño	Mañá e tarde, último día só pola mañá	Agasp (A Estrada)
Condución de vehículos todoterreo	1	20	20	19, 20, 21 de xuño	Mañá e tarde, primeiro día só pola tarde	Agasp (A Estrada)
Uso de escalas manuais	1	9	20	12 de abril	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Corte de subministracións en situacións de emerxencias	1	24	20	17, 18, 19 de xuño	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
– Apoio loxístico e seguridade						
Intervención con rescate de animais	1	16	20	14, 15 de marzo	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Manexo de ferramentas de corte	1	21	20	1, 2, 3 de abril	Mañá e tarde, último día só pola mañá	Agasp (A Estrada)
Curso de estabilización de vehículos en accidentes de tráfico	1	25	20	27, 28, 29 de maio	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Avaliación e prevención en extinción de edificacións con risco de colapso	1	16	20	30, 31 de maio	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Verteduras, contaminación ambiental	1	20	20	20, 21, 22 de marzo	Mañá e tarde, último día só pola mañá	Agasp (A Estrada)
Curso de mergullo en fume, orientación, busca e rescate en espazos confinados	1	24	16	10, 11, 12 de xuño	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Nós útiles en operacións de salvamento	1	16	16	26, 27 de marzo	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Curso básico de motoserras	1	16	16	13, 14 de xuño	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
– Asistencia sanitaria e psicosocial en emerxencias						
Desfibrilación externa semiautomática	2	5	24	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				13 de xuño	Mañá	
				2ª edición	2ª edición	
				14 de xuño	Mañá	
Tratamento suicidas e persoas con problemas	1	21	20	20, 21, 22 de maio	Mañá e tarde, último día só pola mañá	Agasp (A Estrada)
Intervención en vehículos especiais (gas, híbridos, eléctricos)	1	16	20	8, 9 de abril	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)



Denominación do curso	Núm. de edicións	Horas lectivas	Prazas por edición	Datas	Horario	Lugar
– Técnicas de apoio en intervencións						
Investigación pericial de incendios para bombeiros	2	21	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				11, 12, 13 de marzo	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
				2ª edición	2ª edición	
				25, 26, 27 de marzo	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
Situacións de emerxencia con persoas discapacitadas para profesionais	1	8	20	28 de marzo	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Prevención e control da Vespa velutina	2	8	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				11 de abril	Mañá e tarde	
				2ª edición	2ª edición	
				25 de abril	Mañá e tarde	
Apertura de portas en edificios e vehículos	2	16	20	1ª edición	1ª edición	Agasp (A Estrada)
				29, 30 de abril	Mañá e tarde	
				2ª edición	2ª edición	
				9, 10 de maio	Mañá e tarde	
Hidráulica aplicada aos servizos de emerxencias	2	21	20	1ª edición	1ª edición	Por determinar, consultar na web da Agasp
				8, 9, 10 de abril	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
				2ª edición	2ª edición	
				27, 28, 29 de maio	Mañá e tarde, último día só pola mañá	
– Responsabilidade nas emerxencias. Normativa e lexislación						
Normativa de protección contra incendios	1	21	20	11, 12, 13 de marzo	Mañá e tarde, último día só pola mañá	Agasp (A Estrada)
Actuación do profesional de emerxencias ante os tribunais: perito e testemuña	1	24	20	6, 7, 8 de marzo	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Actuación do profesional de emerxencias ante os tribunais: investigado e acusado	1	24	20	28, 29, 30 de maio	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)
Responsabilidade civil e penal dos corpos de emerxencia	1	24	20	14, 15, 16 de maio	Mañá e tarde	Agasp (A Estrada)

